

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### MINISTERIO DE MEDIO AMBIENTE, E MEDIO RURAL E MARIÑO

**7134** Orde ARM/1143/2010, do 29 de abril, pola que se modifica o Regulamento técnico de control e certificación de sementes de plantas forraxeiras.

O Regulamento técnico de control e certificación de sementes de plantas forraxeiras, aprobado por Orde do 1 de xullo de 1986, enumera as especies de plantas incluídas no seu ámbito de aplicación. Así mesmo, no citado regulamento establécense para cada especie as categorías de sementes que poden ser obxecto de certificación oficial.

A Directiva 66/401/CE, relativa á comercialización das sementes de plantas forraxeiras, foi modificada pola Directiva 2008/124/CE da Comisión, do 18 de decembro de 2008, pola que se limita a comercialización das sementes de determinadas especies de plantas forraxeiras, oleaxinosas e téxtiles que se certificaron oficialmente como sementes de base ou sementes certificadas.

Procede, por tanto, a incorporación da mencionada Directiva 2008/124/CE da Comisión, do 18 de decembro de 2008, a través da correspondente modificación do Regulamento técnico de control e certificación de sementes de plantas forraxeiras. Así mesmo, prevese nesta orde a adecuación do devandito regulamento á Lei 30/2006, do 26 de xullo, de sementes e plantas de viveiro e de recursos fitoxenéticos, derogatoria da Lei 11/1971, do 30 de marzo, de sementes e plantas de viveiro.

Na elaboración desta orde foron consultadas as comunidades autónomas e as entidades representativas dos sectores afectados.

Na súa virtude, dispoño:

*Artigo único. Modificación da Orde do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, do 1 de xullo de 1986, pola que se aproba o Regulamento técnico de control e certificación de sementes de plantas forraxeiras.*

Modifícase o Regulamento técnico de control e certificación de sementes de plantas forraxeiras, aprobado por Orde do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación do 1 de xullo de 1986, nos termos seguintes:

Un. Inclúese no número II.2.a, na orde alfabética correspondente, a seguinte especie: «*Poa pratensis* L.»

Dous. Inclúese no número II.2.b, na orde alfabética correspondente, a seguinte especie: «*Trifolium alexandrinum* L.»

Tres. Na letra C, «Requisitos das sementes comerciais», do anexo I, suprímese o punto 6.

Catro. No punto 8 da letra C, «Requisitos das sementes comerciais», do anexo I, suprímense «*Vicia sativa*» e «*Vicia villosa*».

*Disposición adicional única. Aplicación da Lei 30/2006, do 26 de xullo, de sementes e plantas de viveiro e de recursos fitoxenéticos.*

As referencias á Lei 11/1971, do 30 de marzo, de sementes e plantas de viveiro, que se conteñen no Regulamento técnico de control e certificación de sementes de plantas forraxeiras, entenderanse feitas aos preceptos correspondentes da Lei 30/2006, do 26 de xullo, de sementes e plantas de viveiro e de recursos fitoxenéticos, que será aplicable en todo o non previsto expresamente no dito regulamento.

Disposición derradeira primeira. *Incorporación de dereito da Unión Europea.*

Mediante esta orde incorpórase ao dereito español a Directiva 2008/124/CE da Comisión, do 18 de decembro de 2008, pola que se limita a comercialización das sementes de determinadas especies de plantas forraxeiras, oleaxinosas e téxtiles que se certificaron oficialmente como sementes de base ou sementes certificadas.

Disposición derradeira segunda. *Título competencial.*

Esta orde dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.13.<sup>a</sup> da Constitución, polo que se atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Madrid, 29 de abril de 2010.—A ministra de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño, Elena Espinosa Mangana.